

OPEN 58, Servicios Informáticos, S.A.



“As tendas de informática estábanse a converter en simples tendas de venda de computadores”

Fernando Montes Posadas

Datos básicos

Actividade:	Servizos Informáticos
Sector de actividade	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
Nº empregados	7
Inversión inicial	60.100 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.
Web:	www.open58.com
Municipio:	Vigo, Pontevedra
Ano creación:	1995

Descrición do proxecto

O noso proxecto consistía en crear unha empresa que ofrecese aos clientes un servizo informático completo.



Datos empresa

Claves do éxito

Consideramos que as claves son a seriedade, a profesionalidade, a perseveranza, a sinceridade e moitas horas de traballo e dedicación.

Situación actual

Non dispoñible

Perfil cliente

Os nosos clientes son as PEMES galegas de calquera sector de actividade, os profesionais autónomos e, en xeral, calquera particular que necesite solucións informáticas.



Idea inicial

Coñecémonos traballando nunha empresa do sector informático onde non estábamos a gusto debido á falta de profesionalidade coa que se traballaba e á banalización que se estaba a producir nas tendas de informática. As tendas estábanse a converter en simples tendas de venda de computadores. Os promotores de Open 58 decidimos comentarlle ao noso xefe esta situación e pedímoslle "un cambio de timón". Díxonos que se produciría en breve, pero ao non producirse, decidimos saír desta empresa e crear a nosa propia onde si poderíamos desenvolver plenamente as nosas respectivas carreiras profesionais.

Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das primeiras dificultades foi a introdución no mercado debido á grande cantidade de empresas que existen neste sector, hai moita competencia. Ademais tivemos que enfrontarnos ao problema de conseguir financiamento por parte das entidades bancarias xa que consideran que o sector informático é un sector de moito risco.

Perfil promotores

Luis é Enxeñeiro Industrial e Fernando é Analista Programador. Con trinta e catro e trinta e cinco anos respectivamente, crean unha empresa de servizos informáticos.

Aptitudes necesarias

Tesón e perseveranza.



Guía de Actividad

Tenda de informática (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón

Formación

¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?

Si. O programa LANZA do IGAPE

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Consideramos que todo tipo de formación é interesante, e desde logo que axuda; aínda que ás veces a falta de tempo non nos permita realizala.

Anecdótico

Non dispoñible

